

1. Líder

BASKET



78 111



TRIUNFOS

O MGR Sarria asinou no derbi ante Maristas do Anexo a súa **terceira vitoria consecutiva** na Liga Galega de Minibasket. Os de Xabi López-Acevedo exhibiron o seu gran estado de forma cun bo baloncesto **acompañado dun recital de triplos**

INFANTIL E PREINFANTIL

Julián asinou 93 puntos en dous partidos esta fin de semana

O xogador de Maristas firmou 40 ante Basquet Coruña na Liga Galega preinfantil e 53 ante Estudiantes 05



REPORTAXE

CD Lugo e Breogán en actos sociais

O club de baloncesto apoiou a COGAMI e o de fútbol presentou un Torneo de F-8 que se celebrará no Pazo de Feiras

LIGA GALEGA CADETE

O Ensino volve á senda da vitoria



ENSINO 61 - 60 B. CORUÑA

LIGA GALEGA INFANTIL

Estudiantes recibirá no Anexo ao Academia A Mariña Burela na próxima xornada. Ambos equipos chegan á cita separados por unha vitoria



Novo golpe de autoridade

ESTUDIANTES VOOU NO TERCEIRO PARCIAL para impoñerse a domicilio ao COB, que se cae do podio dunha Liga na que os lucenses comparten liderado con Obradoiro Peleteiro, con pleno de vitorias nas sete primeiras xornadas da Liga Galega júnior masculina

“El equipo tiene que trabajar durante los cuarenta minutos de juego en defensa” **MARCOS LÓPEZ** Estudantes

64	90
COB	ESTUDIANTES
Xogador	Pts.
López	22
Preato	13
Perdiño	6
Pardo	9
Martínez	5
Febrero	7
Ferreiro	2
Daderne	
González	
López	
Fernández	

7

VITORIAS nas sete xornadas disputadas, un rexistro de Estudantes que iguala Obradoiro Peleteiro, que tamén suma por vitorias os seus encontros neste inicio de tempada. O terceiro, PBB, xa conta con tres derrotas

un claro e contundente 64-90, ten varias lecturas.

A máis positiva foi a vitoria a domicilio ante o subcampión da Copa Galicia, un COB que perdeu con claridade na final do Anexo e que recibiu aos celestes con ánimo de revancha. A mala, que apareceu a relaxación defensiva por momentos.

Estudantes peccou un pouco dun exceso de ganas que se converteu

Estudantes venceu con autoridade ao Club Ourense Baloncesto a domicilio e deixou a Liga en cousa de dous. Tan só Obradoiro Peleteiro pode facer fronte aos de Marcos Gómez neste inicio de tempada no que suman por vitorias todos os seus encontros.

A última, malia ser por



Luis encarando con decisión o aro rival ante un xogador herculino no Anexo

en ansiedade, propiciando fallos debaixo do aro en canastras fáciles e concesións en defensa ao chegar demasiado acelerados á presión.

O primeiro parcial

pechouse con 11-18 e o segundo con 21-24 para chegar ao descanso con 32-42 no marcador.

Marcos Gómez corrixiu ao seu equipo no descanso e Estudantes ofre-

ceu a súa mellor versión ao comezo da segunda parte, na que arroiou ao COB. A defensa brillou ao seu mellor nivel concedendo en todo o terceiro cuarto tan só unha canas-

tra de tiro libre, unha de dous e unha tripla, mentres que os roubos de balón en defensa e a claridade para anotar propiciaron un parcial de 6-23 no terceiro cuarto co que Estudantes sentenciou o encontro.

Os últimos dez minutos foron un mero trámite con intercambio de canastras, 26-25, que deixaron o marcador final en 64-90.

Próxima xornada

Á espera de que chegue o enfrontamento directo ante Obradoiro Peleteiro, que será en principio en plena ponte da Constitución, o 6 de decembro en Santiago de Compostela. Estudantes recibe na próxima xornada a Basket Ferrol, que vén de perder en casa ante Obradoiro Peleteiro, 46-67, e que suma catro vitorias e tres derrotas neste inicio de Liga.

O Ensino medra en Porriño

DE MENOS A MÁIS tras un madrugón e unha viaxe longa

45	77
PBB	ENSINO
Xogadora	Pts.
Pregal	21
Sias	11
Fernández	26
Alonso	7
Pérez	7
Lorenzo	2
Giraldez	
Besada	3
Punzón	
Miranda	
Mazou	
Rodríguez	



As xogadoras do Ensino facendo piña tras un partido

“Ha sido un partido dinámico, con ritmo y divertido en el que todas las jugadoras han dado un paso al frente” **MIGUEL LÓPEZ** Durán Maquinaria Ensino

tiros empezaron a entrar con certa facilidade. A defensa foi moi boa xa que ademais de secar ao seu rival propiciou roubos de balón e canastras fáciles á contra, 10-28 no segundo cuarto para chegar ao descanso con 21-40.

Na segunda parte Ensino continuou cun bo ton defensivo, polo que

9

TRIPLAS ANTE PORRIÑO das que cinco delas levaron a sinatura dunha Carmen Rocio que nas últimas xornadas está acaparando o protagonismo ofensivo

foi ampliando a diferenza co paso dos minutos ata chegar a exhibirse no tiro exterior no último parcial.

Superioridade celeste en Ourense

ESTUDIANTES sentenciou o partido na primeira parte, 14-34

42	65
BOSCO	ESTUDIANTES
Xogadora	Pts.
Rubio	Ana
Lorenzo	Zeltia
Vadillo	Eva
Alonso	Maria
Alvarez	Adriana
Rapela	Alba
Feijoo	Sabela
Carreiro	Yashina
Alvarez	Candela
Fuente	Alexia



Eva a piques de lanzar a canastra entre dúas defensas

Estudantes impúxose en Ourense a Bosco nun partido no que as de Fernán Varela tan só estiveron ao seu mellor nivel no segundo parcial. No resto do encontro as celestes xogaron con certa relaxación ao sentirse e ser moi superiores ao seu rival.

A posta en escena de Estudantes volveu ser discreta, pero co paso dos minutos fóronse entonando ata facer un bo baloncesto, sobre todo no segundo cuarto co que romperon o partido ao seu favor, 14-34 ao final da primeira parte.

Nos segundos corenta

“Ahora nos toca una carga de entrenamientos para llegar en la mejor forma posible a final de temporada” **FERNÁN VARELA** Estudantes Lugo

minutos Estudantes deixouse ir, nunca estivo en risco a vitoria, pero estiveron moi lonxe do seu mellor nivel ante un rival inferior que conseguiu maquillar o resultado final deixándoo no definitivo 42-64.

Con seis vitorias e unha derrota, Estudantes mantense no segundo posto tralo líder invicto, o Celta de Vigo, e por diante do

terceiro clasificado, Peleteiro, con cinco vitorias e dúas derrotas nas sete primeiras xornadas.

500

PUNTOS Estudantes, con 501, e Celta de Vigo con 569 son os dous únicos equipos da competición que superan o medio millar de puntos neste inicio de Liga

O Durán Maquinaria Ensino segue crescendo en sensacións tras asinar un bo partido en liñas xerais en Porriño. Un partido que comezou moito antes do salto inicial, xa que estivo marcado polo horario de comezo, ás 12:00 da mañá en Porriño, o que obrigou a realizar unha longa viaxe que se iniciou moi pronto.

Con todo iso ás de Miguel López custoulles un pouco meterse en dinámica de partido nos primeiros minutos, con moitos lanzamentos pero con pouco acerto, 11-12.

No segundo parcial os



Sabela encarando o aro rival ante unha defensa



Any botando o balón ante unha xogadora rival



Mencia buscando a mellor opción de pase no Anexo

O Ensino sufriu máis da conta no Anexo

AS DE ADRIÁN GONZÁLEZ volveron á senda da vitoria nun encontro que tiveron que gañar en máis dunha ocasión

61	60		
ENSINO	B. CORUÑA		
Xogadora	Pts	Xogadora	Pts
Sabela		Ibáñez	
Nerea	4	Herrero	
Silvia		Rodríguez	
Marta		Gutiérrez	
Nuria	16	Varela	
Natalia	27	Cainzos	
Any	6	Fernández	
Lucía	4	Temprano	
Mencia	4	Lijo	
		Fernández	
		Vizcaino	

“Nos está costando cerrar los partidos en los momentos clave”

ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

certa vantaxe no marcador, as herculinas volvíanse a meter na loita polo partido, ata nos últimos segundos de xogo.

Ata entón, o Ensino intentou ser produtivo máis que vistoso. Buscou sumar en defensa para tomar o mando no marcador, e fíxoo co 17-13 co que se pechou o primeiro cuarto.

No segundo parcial, cando as lucenses podían poñer terra polo medio no marcador, Ensino entrou nunha fase de desconcerto, custoulle moito anotar e sufriu en defensa en situa-

cións de un para un, polo que Basquet Coruña, cun parcial de 15-18, comprimiu o marcador ata o 32-31 co que se chegou ao descanso.

A presión trasladouse ao conxunto lucense, pero ao comezo da segunda parte conseguiu enlazar boas situacións de xogo, aínda que non foron capaces de plasmalo do todo no marcador, chegando aos últimos dez minutos de partido con 44-39 e con todo por decidir.

Ensino deu un paso á fronte ao comezo do último cuarto para tomar unha

certa vantaxe que parecía suficiente, pero cando as cousas estaban máis de cara apareceu a ansiedade e a falta de confianza.

O Ensino tivo ata seis tiros libres no tramo final, pero só conseguiu anotar un deles co que se chegou aos últimos segundos con catro puntos de vantaxe. Na última posesión Basquet Coruña anotou un tripla sobre a bucina desde o centro do campo e deixou o marcador nun axustado 61-60 co que o Cafés Candelas Ensino volveu á senda da vitoria na Liga Galega cadete feminina antes de visitar en Santiago a Peleiteiro, nun duelo directo por entrar entre os catro primeiros clasificados ao finalizar esta primeira fase.

+4

NOS ÚLTIMOS SEGUNDOS

antes de que Basquet Coruña anotase unha tripla definitiva dende o centro do campo para comprimir o marcador final ata o 61-60

27

PUNTOS DE NATALIA

Como na pasada xornada ante Estudiantes no derbi capitalino da Liga Galega cadete feminina, a xogadora do Ensino rematou o encontro con 27 puntos



Natalia a piques de dar un pase a unha man



Alvaro en plena transición ofensiva no Anexo

Estudiantes caeu dando a cara

AS CLAVES: O desgaste físico e a carga de faltas no treito final

80	76		
OBRADOIRO	ESTUDIANTES		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Rodríguez		Sergio	9
Eluku		Eloy	2
Fuentes		Jorge	5
Taboada		Garabito	
Lestón		Alvaro	9
García		Ollolqui	26
Ferreiro		Dani	8
Reu		Antón	2
Díaz		Durán	
Iglesias		Pedro	12
Ravardulla		Lucas	
		Anxo	3

Partido de altos voos en Santiago de Compostela. Obradoiro e Estudiantes disputaron un dos mellores partidos que se poden ver no baloncesto galego cadete, e estiveron á altura das expectativas.

O maior poderío físico

“Estoy muy orgulloso de como compitió el equipo en este encuentro” JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

dos composteláns, especialmente ao contar cun xogador bolseiro de 2.05 obrigaba aos lucenses a un sobreforzo.

Os dous equipos empezaron moitísimo acerto, 21-17 no primeiro cuarto, mentres que no segundo Obradoiro conseguiu unha certa vantaxe grazas ás súas boas porcentaxes no tiro exterior, ata sete triplas no encontro, para chegar ao descanso con 49-36. Unha renda excesiva, xa que as sensacións eran de máis igualdade

sobre a pista.

Estudiantes deu un paso á fronte en defensa ao comezo da segunda parte, empezando a recortar as diferenzas cun terceiro parcial de 16-19 que tivo continuidade nos últimos dez minutos, nos que os de Javi Peinó chegaron a poñerse a tan só dous puntos e con posesión para empatar ou ata darlle a volta ao marcador.

Ao final a moeda caeu ao lado local polo desgaste físico dun Estudiantes que ademais chegou

1

LESIÓN DE IKER

O xogador mariño foi baixa en Santiago tras lesionarse co Ría de Ribadeo. Perderase un tramo de competición con ambos clubs en que participa

7

TRIPLAS asinou Obradoiro cun acerto moi alto, especialmente no segundo parcial, co que colleu una renda que Estudiantes foi reducindo na segunda parte co paso dos minutos

cos xogadores moi cargados de faltas á recta final dun espectacular encontro entre dous dos mellores equipos do baloncesto cadete galego.

O Fondo de armario propiciou unha gran remontada celeste

OS 10 XOGADORES DE ESTUDIANTES QUE PARTICIPARON aportaron en todas as facetas do xogo para asinar a remontada cun parcial final de 7-28 en Santiago

72	86		
PELETEIRO	ESTUDIANTES		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
López		Miguel	
Bermúdez		Joel	
Zas		Fabio	
Barral		Ruano	
Espiña		Ales	
Montero		Manu	
Fernández		Oscar	
Rigueiro		Cristian	
Valiño		Gabi	
Espiña		Brais	
Díaz			

Estudiantes deu un golpe sobre a mesa ante Peleteiro en Santiago. Os de Ángel Riobó asinaron unha vitoria que, a nivel de grupo e confianza, supón moito máis que un simple triunfo nunha pista complicada, cun parcial final de 7-28 que propiciou a remontada.

A aportación dos dez xogadores foi unha das claves, xa que Peleteiro, pese a contar con máis efectivos, non tivo a mesma calidade de rotacións que os

“Hemos sabido manejar los tiempo de partido para aprovechar nuestra oportunidad en la segunda parte” **ÁNGEL RIOBÓ** *Estudiantes*

lucenses.

A Estudiantes custoulle meterse no encontro, con ata 8 perdas de balón no primeiro cuarto ao que se engadiron 4 rebotes en ataque de Peleteiro ao comezo de partido. Deste xeito os composteláns asinaron un primeiro parcial de 18-9, pero no sprint final do primeiro cuarto Estudiantes comprimiu o marcador ata deixalo nun axustado 20-19.

Peleteiro chegou ao descanso con vantaxe, 45-39, un marcador propiciado polas 17 perdas de balón de Estudiantes nunha primeira parte na que concedeu ata 11 rebo-

tes defensivos. Un lastre que minimizaron os 14 roubos de balón para manterse en vida.

Tralo descanso o conxunto celeste mellorou na pintura, capturando 10 rebotes ofensivos polos 2 da primeira parte, á vez que forzou moitas faltas persoais e subiu as porcentaxes de acerto no tiro. Pero a resistencia local fixo que Peleteiro chegase ao último cuarto con vantaxe, 65-58.

Estudiantes soltou a melenos nos últimos dez minutos nos que, con 7 recuperacións de balón, varreu a Peleteiro da pista asinando un espectacular parcial final de 7-28.

57

REBOTES DE ESTUDIANTES
dos cales 20 foron en ataque, cos que iniciaron a remontada ante Peleteiro en Santiago de Compostela

42%

ACERTO TIROS DE CAMPO
Estudiantes asinou 33 acertos en tiros de dous e tres puntos dos 78 intentos ao longo dos corenta minutos de xogo

52%

EN TIROS LIBRES
Sobre todo na segunda parte os de Ángel Riobó imprimiron un alto ritmo que só puido frear Peleteiro con faltas persoais ao ir os lucenses 31 veces ao tiro libre



O celeste Brais cara o aro nun encontro no Anexo

Outra vitoria por KO estudantil

AS DE JULIA PENA volveron impoñer un ritmo moi alto

38	88
CULLEREDO	ESTUDIANTES
Xogadora	Xogadora
Piñeiro	Candela
Hernaez	Maria
Manzanares	Iria
Ortega	Nerea
Sanjurjo	Naiara
Abad	Lucía
Barbado	Laura Mesa
Sánchez	Carolina
González	Marta
	Sara
	Celia
	Laura Martín



Iria Menor recibindo instrucións de Julia Pena

“Partido sin complicaciones que nos ayudará a seguir creciendo como equipo” **JULIA PENA** *Estudiantes Lugo*

Estudiantes volveu pechar o marcador antes de tempo nun partido da Liga Galega infantil feminina. Un novo encontro no que as de Julia Pena estiveron a un gran nivel en ataque, pero sobre todo en defensa coa intensidade unha vez máis por bandeira.

A presión desde os primeiros minutos traducíuse en roubos de balón continuos na primeira liña, que á súa vez se traducían en canastras fáciles. De aí ao 8-29 co que finalizou o primeiro cuarto.

Para que Culleredo non atopase o seu sitio no partido en ningún momento,

Estudiantes mantivo o listón de intensidade moi alto, ata coas rotacións o xogo celeste non se resentiu e todas as xogadoras gozaron unha vez máis de minutos de calidade.

Ao descanso o marcador xa era de 21-48 e foise ampliando co paso dos minutos na segunda parte ata chegar ao peche de marcador no último cuarto con 38-88 no electrónico.

Na próxima xornada as

de Julia Pena reciben no Anexo a Giraldo, que chega a esta cita tras impoñerse a Maristas Coruña.

2º

POSTO EN SOLITARIO

Estudiantes xa é segundo tras Peleteiro que se impuxo con moita autoridade a CLB en esta xornada. 39-73

Burela xa está en positivo

TRES VITORIAS E DÚAS DERROTAS para os de Manolo Cobas

25	76		
MARISTAS	BURELA		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Ramos		Carlos	14
Caamaño		Diego	8
Fernández		Antón	25
Recouso		Marcos	16
Trillo		Joaquín	5
Reyes		Luis	4
Sánchez		Alvaro	2
Fernández		Alvaro Ben	2
Toja		Daniel	
López			
Chicano			
Varela			

Segunda vitoria consecutiva do Academia A Mariña Burela e segundo triunfo contundente, que pon aos de Manolo Cobas en positivo con tres vitorias e dúas derrotas nas primeiras cinco xornadas da Liga Galega infantil masculina.

Nesta ocasión os mariños impuxéronse na Coruña a Maristas, que aínda non coñece a vitoria. Con todo, os hercúleos sorprendéron cunha intensa posta en escena na que asinaron un parcial inicial de 7-0.

Manolo Cobas solicitou un tempo morto e conse- guiui enchufar aos seus

“Partido cómodo en líneas generales” **MANOLO COBAS** *Academia A Mariña*

xogadores, que a partir de aí foron superiores.

O primeiro cuarto xa se pechou con vantaxe lucense, 10-17. A boa dinámica continuou ata chegar ao descanso cun Academia A Mariña Burela intenso en defensa e coas ideas claras en ataque para irse ata os 31 puntos nos segundos dez minutos e deixar o marcador en 18-48 ao descanso.

Maristas xa non tivo poder de reacción e Burela pechou o marcador no terceiro cuarto.

Próxima xornada

O Academia A Mariña Burela xogará de novo a domicilio e farao no Anexo ante Estudiantes no primeiro derbi da tempada. Ambos equipos chegan á cita nun bo momento e separados por unha soa vitoria tralas cinco primeiras xornadas da Liga Galega infantil masculina.

7-0

PARCIAL INICIAL Maristas sorprendeu aos mariños cunha intensa posta en escena. Manolo Cobas solicitou un tempo morto e a partir de ahí o Academia A Marina foi moi superior

1º

DERBI DA TEMPADA Burela visitará o Anexo na próxima xornada para medirse co Estudiantes nun duelo no que ambos equipos chegan separados por unha soa vitoria

25

PUNTOS DE ANTÓN

Unha vez máis o base mariño foi o máximo anotador e será unha das principais bazas coas que conte o Academia A Marina no derbi ante Estudiantes

O MVP Julián guía a Maristas

O COLEXIAL ANOTOU 40 PUNTOS asumindo a responsabilidade ante as baixas coas que o equipo de Rubén Engroba encaraba o encontro ante Basquet Coruña



Gabriel ante un xogador de Maristas nun contraataque



David botando a pelota nunha acción de ataque

74		65	
MARISTAS		B. CORUÑA	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Mauro	9	Medrano	
Néstor	8	Nogueiras	
Samuel N.		Requero	
David	5	Ferreiros	
Gabriel R.	10	Pérez	
Alexis		Brandariz	
Julián	40	Souto	
Gabriel F.	2	Fdez	
		Duez	
		Martin	
		Vázquez	

Unha exhibición de Julián, con 40 puntos, permitiulle a Maristas contar unha nova vitoria, a cuarta, na Liga Galega.

O equipo de Rubén Engroba chegaba ao partido coas importantes baixas de Samuel e Jorge, polo que Julián estaba chamado a ter máis protagonismo en ataque e asumiu a responsabilidade con creces, resultando ser un pesadelo para Basquet Coruña, un equipo moi completo con xogadores de bo nivel e altura que non foi capaz de paralo.

Así, os colexiais anotáronse con claridade o

“Conseguimos sacar el partido adelante a pesar de las bajas”

RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

primeiro parcial, 25-12. No segundo cuarto mantiveron o dominio aínda que comezou a preocupar a acumulación de faltas en Julián e Néstor, que foron ao banco. Basquet Coruña aproveitouno para facer un parcial de 1-12 co que recurtaron distancia. Con todo, Maristas foi ao descanso con 9 puntos de renda, 39-30.

Tras o intermedio, uns bos minutos en ataque de Mauro e, de novo, a capacidade anotadora de Julián, cada vez máis sitiado pola defensa visitante, volvían poñer terra polo medio. O parcial de 22-14 levaba a diferenza aos 17 puntos para encerrar os últimos dez minutos do encontro.

Maristas administrou a renda con rotacións para dar descanso aos xogadores sen ver perigo o partido.



Néstor cara a pintura na pista do Pazo dos Deportes



Julián, con 40 puntos, foi o mellor xogador colexial

Desconexión no terceiro cuarto

O PARCIAL DE 30-14 foi demasiado lastre para os estudiantís

76		73	
CULLEREDO		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Golpe		Brais	25
Gómez		Mateo	3
Santiso		Santi	3
Alonso		Pi	7
Bianco		Dani	4
Horjales		Leo	
Via		Bernal	2
Fernández		Rozas	4
Moretti		Serguei	26
Alonso		Antón	
Martínez			



Dani Bao saudando aos seus compañeiros no banco

“Demostramos tener personalidad y oficio, pero no fue suficiente”

NICO Estudiantes Lugo

que saíron desconcentrados á pista. A intensa presión dos locais desnivelou o marcador cun 30-14 que poñía o partido costa arriba para os lucenses.

Con todo, a reacción non se fixo agardar e, no último cuarto, recuperaron a súa mellor versión para volver achegarse ao marcador, deixando en tres puntos a diferenza final.

O vindeiro rival dos

35-38

RESULTADO AO DESCANSO

Estudiantes marchou aos vestiarios con tres puntos de vantaxe tras unha primeira parte igualdade con alternancias no marcador

lucenses será Montrove Origen Galicia, que conta cunha vitoria máis que os estudiantís no que vai de competición.

Vitoria celeste pola vía máis rápida

ESTUDIANTES PECHOU A ACTA NA PRIMEIRA METADE

11		62	
KFC CULLE		ESTUDIANTES	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Couto		Laura	
Freire		Maria A.	
Forján		Ana	
Segade		Maria C.	
Iglesias		Paula A.	
Aguón		Aroa	
Prieto		Daniela P.	
Beiras		Paula L.	
Losada		Alma	
		Sara P.	
		Sara G.	
		Daniela G.	



A celeste Sara protexendo a posesión dende o chan

Estudiantes segue demostrando a súa posición hexemónica na competición na que suma a terceira vitoria por K.O. KFC Culle, sen experiencia en Liga Galega, non tivo opción algunha ante a superioridade física e o ritmo de xogo que o equipo de Gemma Souto impuxo desde o inicio do encontro.

As estudiantís saíron á cancha acertadas na circulación de balón e na toma de decisións rematando o primeiro período cun parcial de 7-34. As lucenses, con todo o equipo dispoñible por primeira vez na

“Nos hemos acercado al equipo que podemos llegar a ser. Esperemos seguir en esta línea para este final de primera vuelta. Buen trabajo”

GEMMA SOUTO Estudiantes Lugo

temporada, non baixaron o acelerador no segundo cuarto, no que estiraron a diferenza ata os cincuenta puntos antes de que rematase a primeira metade.

O vindeiro rival das estudiantís será o CLB, que chegará ao Anexo con bos números: catro vitorias en cinco partidos.

3

VITORIAS POR K.O.

Nos partidos ante Basquet Coruña, na segunda xornada, e Cambados, na terceira, as estudiantís tamén conseguiron pechar as actas, en ambos casos, no terceiro cuarto dos encontros



Nadia coa pelota ante a presión do sarriao Álvaro



Xabelo cara a pintura tras superar a Jorge



Fausto inicia un contraataque entre Juan e María



Sergio coa pelota presionado por Néstor e Carlos

Sarria reina na festa do basket ofensivo

196 PUNTOS nun derbi no que os de Xabi López-Acevedo asinaron a súa terceira vitoria consecutiva na Liga Galega

60

PUNTOS CARLOS E NÉSTOR

Maristas sobreviviu ao asedio rival con 60 puntos anotados entre Néstor e Carlos ao longo do derbi disputado o sábado pola mañá no Anexo

3

VITORIAS CONSECUTIVAS

MGR Sarria iniciou a conta ante Ribadeo, sumou a primeira vitoria na casa ante BBKA e segue co contador en marcha tralo seus paso polo Anexo ante Maristas

78	111
MARISTAS	MGR SARRIA
Xogador	Xogador
David	Uxío
Juan	Brais
Nadia	Fausto
María C.	Mateo
Alfonso	Alex
Jorge	Manuel
María M.	Xabelo
Carlos	Miguel Anxo
Javi	Álvaro
Néstor	Sergio

“Festival ofensivo por parte de los dos equipos” **XABI LÓPEZ-ACEVEDO** MGR Sarria

“Para poder competir en el marcador hasta el final en la Liga Gallega tenemos que defender mucho mejor a lo largo de los encuentros” **ÓSCAR ENGROBA** Maristas Lugo

e non se deixou levar. Os de Óscar Engroba conseguiron impoñerse no cuarto parcial, 18-12, disputando os seus mellores minutos no derbi.

Un derbi no que Sarria quixo ser e foi protagonista. No cuarto parcial conseguiron ver aro de novo con facilidade e a diferenza volveu aos trinta puntos de vantaxe.

Carlos e Néstor polos locais, con 30 puntos entre ambos, mantiveron a Maristas vivo en ataque, pero Sarria tivo máis vías para anotar e levou o marcador final ata o 78-111 co que os de Xabi López-Acevedo asinaron a súa terceira vitoria consecutiva nunha Liga Galega de minibasket á que xa lle están collendo o gusto.



Brais nunha acción de ataque defendido por Néstor

Maristas e Sarria deron un recital ofensivo no derbi provincial da Liga Galega que lles mediou no Anexo o pasado sábado pola mañá. Os de Xabi López-Acevedo sacaron a relucir o seu arsenal ofensivo nunha nova mostra do gran estado de forma polo que atravesan e co que suman tres vitorias consecutivas na Liga

Galega de minibasket.

Desde os primeiros minutos os ataques impuxéronse ás defensas, especialmente o de Sarria, que pechou o primeiro parcial con tres triplos consecutivos para levar o marcador ata o 13-26.

Os dous equipos axustaron máis as defensas no segundo parcial, 12-16,

pero antes do descanso Sarria volveu voar no Anexo cun xogo dinámico e moitísimo acerto en ataque, 12-23 para levar o marcador ata o 25-42 co que se chegou ao descanso.

Pese á vantaxe visitante no marcador, Maristas tirou de orgullo ao comezo da segunda parte

Preparadas para a gran batalla

ESTUDIANTES visita na próxima xornada en Ferrol a BBKA, nun duelo entre os dous primeiros clasificados

2

PUNTOS foi a renda coa que Estudiantes se impuxo na primeira volta a BBKA no Anexo. As de Fernán Varela visitan Ferrol na próxima xornada nun duelo polo liderado en solitario na Liga Galega minibasket feminina

“Estoy muy contento con la forma que tienen de afrontar los partidos estas jugadoras” **FERNÁN VARELA** Estudiantes Lugo

73	22
ESTUDIANTES	MONTROVE
Xogadora	Pts
Carlota	Negreira
Nerea	Fernández
Lucía	Bautista
Marina	Larrosa
Laura	García
Eva	Vila
Valle	Santos
Daniela	García
Alma	Carpente
Henar	Seijo
Paula	

Estudiantes volveu medirse a Montrove, un duelo que se repetiu fai apenas unha semana e que tivo o mesmo desenlace cunha clara vitoria lucense.

O anterior encontro foi

en Oleiros a fin de semana pasada e terminou con 25-74 no marcador. Nesta ocasión, no Anexo, Estudiantes ata xogou un mellor baloncesto para alzarse coa quinta vitoria noutros tantos encontros disputados.

Todas as xogadoras que participaron aportaron en todas as facetas do xogo, polo que as de Fernán Varela chegan co depósito de confianza cheo para medirse a próxima xor-

nada en Ferrol con BBKA, nun partido no que estará

en xogo o liderado en solitario da competición.



Daniela cara a pintura na pista do Anexo



A celeste Henar tras unha recuperación de balón



Henar en labores defensivos para frear un contraataque

Estudiantes foi máis regular nun gran derbi disputado en Ribadeo

UN PARCIAL DE 3-26 ANTES DO DESCANSO deulle unha renda ao conxunto capitalino que foi determinante. 30 dos 48 minutos de partido disputáronse con moita igualdade

53 91	
RIBADEO	ESTUDIANTES
Xogador	Pts.
Mauro	Rubén
Nacho	Eloy
Héctor	5 Javier
Andrés	2 Mesfin
Iván	12 Pablo
Diego	2 Diego
Martin	6 Martin
Zoe	5 Manuel
Alex	14 Samuel
Hugo	5 Antonio

“Me quedo con la sensación de competir la mayoría del partido de tú a tú con uno de los equipos más fuertes de la Liga” **SAMA** Ría de Ribadeo

“Gran partido de todos los jugadores”

ZAIDA IGLESIAS Estudiantes Lugo

Estudiantes impúxose en Ribadeo nun derbi máis igualado do que indica o marcador final. O 53-91 tivo un punto de inflexión na recta final do segundo parcial, cun 0-7 a favor de Estudiantes que continuou ata chegar ao descanso cun 3-26 para completar un parcial de 3-35 en apenas dez minutos.

Ata entón e a partir de aí, o derbi tivo cor celeste pero sen tanta superioridade. O conxunto de Zaida Iglesias saíu ben da presión suscitada por Sama en Ribadeo e anotou con fluidez, ademais de dominar o rebote ofensivo para dispoñer de segundas e ata terceiras opcións de tiro.

Coa concentración por bandeira, Estudiantes aproveitou os minutos de desconexión local para sentenciar o encontro e volver con iso á senda da vitoria na Liga Galega minibasket, na que recibirá a BBKA na próxima xornada, mentres que Ribadeo ten a difícil visita á pista do líder en Ferrol.



PLANET MINI

ANOS 2007, 2008 e 2009

dirixido por ALEX POLO

1ª CONCENTRACIÓN

22

DECEMBRO

ANEXO PAZO DOS DEPORTES
DE 10:00 A 20:00 HORAS

CLUBE INVITADO:
CD ORIGEN BIERZO



15 € CONCENTRACIÓN
+ 5 € de MATRÍCULA
só na Primeira Concentración
á que se acuda

- ★ ADESTRAMENTOS TÉCNICOS
- ★ COMIDA E AUGA INCLUIDAS
- ★ COMPETICIÓN CONTRA CLUBES CONVIDADOS
- ★ AGASALLO DE ROUPA DEPORTIVA
- ★ PRAZAS LIMITADAS

Inscripcións e + info:
planetminilugo@gmail.com
@PlanetL



PATROCINA:



2M2
ROPA DE TRABAJO
PROTECCIÓN LABORAL
www.2m2galicia.com

COLABORAN:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



Concello de Lugo
Concellería de Deportes



DEPORTE GALEGO

JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

RESULTADOS

Bosco - Tui	52-61
C. Ourense - Estudiantes	64-90
B. Coruña - Rosalia	70-87
Sigaltec - Seis Nadal	65-44
PBB A - Blanco Amor	51-47
B. Ferrol - Peleteiro	46-67

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	7	7	0	0	681	421
OBRAIDORO	7	7	0	0	579	324
PBB A	7	4	3	0	399	475
CLUB OURENSE	7	4	3	0	435	440
